

SOLICITUDE DE ADMISIÓN 2018/2019

Segundo regula a orde de 12 de marzo do 2013 (DOG 15 de marzo de 2013) que desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos, modificada pola orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG 1 de febreiro de 2017) establécense os seguintes puntos:

1º Oferta de prazas

CURSO	N.º VACANTES
1º ESO	0 + 9*
2º ESO	0
3º ESO	0
4º ESO	7
1º BACHARELATO - CIENCIAS	31
1º BACHARELATO - SOCIAIS	22
1º BACHARELATO - HUMANIDADES	10
2º BACHARELATO - CIENCIAS	2
2º BACHARELATO - SOCIAIS	0
2º BACHARELATO - HUMANIDADES	0
* Reserva de prazas para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo	

2º Prazo de solicitude

O **prazo** de presentación de solicitudes de admisión (**Anexo II + Anexo A + DNI do alumno/a + Certificado oficial de notas**) para o curso 2018-19 comeza o **1 de marzo** e remata o **20 de marzo de 2018**.

Cada alumno/a só poderá presentar **unha única solicitude** e non será posible modificar os centros relacionados na solicitude nin a súa orde de preferencia. A presentación de máis de unha solicitude determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

Pódense cubrir as solicitudes de admisión mediante o formulario normalizado **a través da aplicación** de xestión do proceso <<admisionalumnado>>

<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>

para **entregalas posteriormente** no centro indicado como primeira opción.

3º Renuncias

O alumnado que teña garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro centro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

O alumnado que ten reservada praza no IES Santa Irene, se presenta solicitude de admisión noutro centro deberá comunicar a renuncia á reserva antes do 20 de marzo do 2018 na secretaría do centro.

4º Documentación

No caso de que a demanda sexa superior á oferta de prazas, será necesario presentar a documentación acreditativa dos criterios do baremo no prazo do **23 de marzo ao 9 de abril do 2017**. Esta información publicárase na páxina web do centro:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iessantairene/>

Unha vez rematado este prazo, no caso de que resulte necesario, o centro poderá requirir antes do **21 de abril** a documentación complementaria para acreditar o baremo declarado. O prazo de presentación da documentación será de 5 días desde o seu requirimento.

5º Listaxe provisional e reclamacións.

A asignación de prazas de admitidos e non admitidos (tanto nas listaxes provisional como definitiva) farase, por orde de puntuación, de maior a menor, **por cursos e modalidades** (expostas no apartado número 1 deste documento) no caso de bacharelato.

A listaxe provisional de persoas admitidas e non admitidas **publicarase o 24 de abril**.

No prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte a esta publicación (do **25 de abril ao 2 de maio**) poderán formularse as **reclamacións** que correspondan.

Advertencia: a listaxe é provisional. Se algunha das reclamacións prospera, **a lista pode verse alterada**. Isto provocaría que alguén que figure como admitido nestas listaxes poida verse en situación de non admitido cando se produzan as listaxes definitivas.

6º Listaxes definitivas

Tras resolvérense as posibles reclamacións, antes do día **15 de maio de 2017** publicaranse as listaxes definitivas.

7º Matrícula

O alumnado admitido **deberá matricularse** entre o días **25 de xuño e o 10 de xullo**. Por cuestións organizativas do centro, antes do 25 de xuño e previo aviso, na secretaría do centro establecerase un calendario para os distintos niveis.

Matrícula extraordinaria: entre o **1 e o 11 de setembro**.

Lista de espera

As prazas que queden sen cubrir serán cubertas polo alumnado en reserva. O aviso será telefónico e se despois de chamar tres veces o contacto non é posible se avisará á seguinte persoa en reserva.

O período de formalización da matrícula para este alumnado será o que se lle indique no seu momento.

O alumnado **matricularase exactamente nas mesmas materias que se solicitaron no período de prematrícula**. Calquera cambio que se faga ten que ser consultado e autorizado expresamente pola xefatura de estudos. O incumprimento desta norma carrega a nulidade da matrícula feita.

8º Centros adscritos

Os centros adscritos ao IES Santa Irene son:

- CEIP Plurilingüe Pintor Laxeiro
- CEIP Canicouva

9º Área de influencia

Para valorar o criterio de proximidade do centro educativo ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo dos proxenitores ou titores legais se terá en conta a **área que se xunta** a este documento.

10º Criterio complementario

O criterio ao que se refire o artigo 28 da orde que regula o procedemento de admisión no IES Santa Irene é o seguinte:

Valorarase a nota media do último curso rematado anterior ao da presentación da solicitude de admisión, é dicir, a nota media do curso 2016/2017.

Nota media de 7 ou máis: 1 punto

A nota acreditarase mediante unha certificación académica persoal.

11º Outro tipo de información

Calquera outro tipo de información sobre o centro se pode consultar na web do mesmo:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iessantairene/>

ou no propio centro.

En Vigo a 28 de febreiro de 2018

A Directora

Patricia Mena Piñeiro